



## V XORNADA COPA DEPUTACIÓN DE LUGO

31 de MAIO de 2018

A Delegación Lucense de atletismo co patrocinio da Deputación de Lugo, organiza a 5ª XORNADA da COPA DEPUTACIÓN DE LUGO en pista ao aire libre, o **XOVES 31 de maio de 2018, en xornada de tarde**, no *Estadio Gregorio Pérez Rivera*.

### REGULAMENTO

**Art. 1.** Poderán participar todos os atletas federados que se atopen en calquera das seguintes condicións:

- ▮ Atletas que teñan fichado ó longo da tempada actual (2017/18) por algún Club pertencentes a Galicia.
- ▮ Atletas con ficha pola Federación Galega de Atletismo aínda que pertezcan a clubes de outras Comunidades Autónomas.
- ▮ Atletas de categoría **sub14 ata veteranás**.
- ▮ Atletas non galegos ou estranxeiros convidados expresamente pola Federación Galega de Atletismo, que non reúnan ningunha das dúas anteriores condicións
- ▮ O resto de atletas con ficha por outra Federación e noutros clubs non pertencentes a Federación Galega de Atletismo deberán aboar 10€ coa recollida do dorsal.
- ▮ **Todos os atletas que se inscriban, non participen finalmente e non manden a súa renuncia ata 24h antes do comezo da 1ª proba do programa. Serán sancionados cunha multa de 5€ que deberá ser aboada para poder tomar parte en calqueira control ou proba oficial organizada nesta Delegación de Lugo.**

**Art.2.** As inscricións faranse a través do sistema online da web da RFEA (<https://isis.rfea.es/sirfea2/>) ata as **22:00 horas do domingo anterior** á celebración das probas. **As inscricións realizadas fora de prazo, cobrarase 5 € coa entrega do dorsal.**

**Art. 3.** Cada atleta retirará o seu dorsal na secretaría da competición **ata 60 minutos antes da saída de cada proba**. Pasado este período non se admitirá a participación do atleta.

**Art. 4.** Os atletas deberán empregar o dorsal outorgado pola organización de forma totalmente visible, en toda a superficie. O incumprimento desta norma será motivo de descalificación. Será responsabilidade dos atletas levar consigo 4 imperdibles para a colocación do dorsal, a organización non facilitará imperdibles.

**Art. 5.** O **acceso a pista** será **restrinxido**, Os adestradores que queiran acceder, deberán enviar un **email** a [delegacionfgalugo@gmail.com](mailto:delegacionfgalugo@gmail.com) ata o domingo 27 para recibir acreditación para o acceso as zonas habilitadas para eles.

**Art. 6.** Nas **probas de velocidade indicárase a mellor marca**. As series realizaránse agrupando os atletas por marcas, aqueles atletas que non indiquen mellor marca serán incluídos aleatoriamente no resto das series.

**Art. 7. FINALES 100 M.L.** Clasificaránse para a final as 8 mellores marcas das series previas.

**Art.8.** Nos concursos estableceráse un límite de 15 atletas.

**Art.9.** Nos concursos pasarán a mellora as 8 mellores marcas independentemente da categoría.



**Art. 10. HORARIO DEFINITIVO**

HOMES	HORA	MULLERES
LANZAMIENTO DE DISCO (sub 16-vet)	17:15	SALTO DE LONXITUDE (sub 16-vet)
110 mv (1.06-0.99)	17:30	
110 mv (0.91)	17:40	
100 mv (0.91)	17:50	
	18:00	100 mv (0.76)
	18:10	100 mv (0.84)
80 ml (sub 14)	18:20	
SALTO DE LONXITUDE (sub 16-vet)	18:30	80 ml (sub 14)
		LANZAMIENTO DE DISCO (sub16-vet)
SEMIFINAIS 100 ml (sub 16-vet)	18:45	
	19:00	SEMIFINAIS 100 ml (sub 16-vet)
400 ml (sub 18-vet)	19:20	
		400 ml (sub 18-vet)
SALTO DE ALTURA (sub 16-vet)	19:30	SALTO DE ALTURA (sub 16-vet)
1500 ml (sub 18-vet)	19:45	
	19:55	800 ml (sub 18-vet)
600 ml (sub 16)	20:05	
	20:10	600 ml (sub 16)
FINAL 100ml (sub 16-vet)	20:20	
	20:25	FINAL 100ml (sub 16-vet)
	20:30	3000 ml
3000 ml	20:45	
	20:55	300 ml ** (sub 14-vet)
CEREMONIA PREMIACIÓN	21:10	CEREMONIA PREMIACIÓN

**Art.11.** CADENCIAS do salto de altura: 1.30-40-45-50-53-56-59.....

**Art.12.** A proba de 3000ml dividirase nunha carreira masculina e outra feminina unha vez recibidos os inscritos seguindo as normas da IAAF.

**Art.13.** Na proba de 300ml femininos admitiránse as 8 mellores marcas inscritas.

**Art.14.** As 3 mellores marcas por táboa I.A.A.F de cada sexo recibirán un trofeo conmemorativo, a entrega realizarase ao finalizar a competición sendo obrigatorio acudir a cerimonia de premiación para levar o trofeo.

**Art. 15.** Todo o non disposto no presente regulamento resolverase de acordo coas normas da I.A.A.F

En Lugo, a 21 de maio de 2018

Asdo. José Manuel Peña Rodríguez  
Director Técnico da Delegación da FGA en Lugo

**PATROCINA:**



**COLABORA:**

